

FUNDACIÓN ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO EXERCICIO 2019.

A actividade da Fundación Antonio Fraguas Fraguas no exercicio 2019 estivo marcada en gran medida pola celebración do Ano Fraguas ao dedicarlle o día das letras galegas, o que redundou tanto no programa de actividades realizado pola Fundación como nos ingresos dispoñibles para poñelos en marcha. Por este motivo a actividade da Fundación no exercicio 2019 foi a máis ampla dende a súa creación.

A promoción da figura de D. Antonio Fraguas Fraguas como figura a quen se lle dedicou o Día das Letras Galegas por parte da Real Academia Galega, inzou de actos de moi diversa índole na súa lembranza, fomentou a publicación de distintas obras e traballos da súa autoría e sobre a súa persoa e labor, nas que a Fundación estivo presente na medida das súas posibilidades colaborando activamente, coa Consellería de Cultura e Turismo, Consellería de Educación, Ordenación Universitaria e Formación Profesional, Secretaría Xeral de Política Lingüística, Consello da Cultura Galega, Real Academia Galega, Corporación de Radio-Televisión de Galicia, Editorial Galaxia, Gadisa, Concello de Cerdedo-Cotobade, Concello de Santiago de Compostela, Concello de Lugo, entre outras moitas entidades públicas e privadas.

Para completar as actividades deste exercicio contamos cun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Fundación Antonio Fraguas Fraguas para a difusión, estudo e preservación da obra de Antonio Fraguas Fraguas, a achega da Asociación Museo do Pobo Galego, a achega do Concello de Cerdedo Cotobade, e a colaboración desinteresada dos membros do padroado da nosa Fundación e da Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego. As necesidades de tesourería resolvéronse grazas a

un adianto por parte do Museo do Pobo Galego, que devolvemos ao cobrar a subvención concedida para tal fin.

Actividades realizadas pola Fundación Antonio Fraguas Fraguas no 2019:

- A. Musealización no Museo do Pobo Galego dos traballos premiados na XI edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas.
- B. Realización dunha exposición sobre a vida e obra de D. Antonio Fraguas Fraguas.
- C. Actividades para o público infantil realizadas polo DEAC: Raposadas.
- D. Elaboración do portal dixital da Fundación Antonio Fraguas Fraguas.
- E. Participación en actos relacionados coa figura de D. Antonio Fraguas Fraguas.
- F. Publicacións realizadas e xestión de dereitos de autor.
- G. Aspectos relacionados coa xestión da Fundación.

A) Musealización dos traballos premiados na XI edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas no Museo do Pobo Galego.



En xaneiro do 2019, e sempre coa coordinación do equipo do Museo do Pobo Galego dirixido polo membro do Padroado, D. Francisco Fariña Busto, a comunidade educativa dos dous centros premiados na XI edición do Proxecto

Didáctico Antonio Fraguas Fraguas, o CEIP Ana María Diéguez de Asados (Rianxo) na modalidade de ensino premiado, e o CPR María Inmaculada de Silleda na modalidade de ensino secundario, realizaron un traballo sistemático orientado á educación patrimonial, ao coñecemento da lingua e do medio e á valorización dos máis diversos elementos do noso acervo cultural. Cabe destacar que, como ven acontecendo nas distintas edicións, o traballo realizado cara a musealización do traballo realizado no Museo do Pobo Galego, permitiron reforzar e impulsar o coñecemento do galego entre o estudantado, en canto gran parte do traballo que realizaron dunha banda precisaba manter conversas con especialistas en distintos ámbitos e coa comunidade de referencia, en especial coas persoas de máis idade, o que fixo que foran valoren o seu papel como transmisores do noso patrimonio inmaterial. O dialogo cos maiores racha coa perda desta interacción e permite continuar coa transmisión dos relatos e coñecementos transmitidos con agarimo dunha xeración á seguinte. Doutra banda contribúe á galeguización dos nenos e nenas, un colectivo especialmente sensible en canto á transmisión futura destes coñecementos.

O proxecto *Pintando o patrimonio, definimos a nosa identidade*, presentado polo CEIP Ana María Diéguez de Asados (Rianxo), tiña como obxectivo a



divulgación dos elementos do patrimonio etnográfico e histórico da súa contorna, a través dun traballo de investigación escolar polo que o estudantado de forma transversal, grazas a distintas actividades, visitas

e entrevistas con persoas da comunidade de referencia adquiriron un coñecemento que se plasmou na elaboración de numerosos obradoiros e traballos sobre o patrimonio material e inmaterial do seu concello. A partir deste

traballo todas as nenas e nenos de entre 3 e 12 anos do centro, coa axuda dos docentes, elaboraron un mural de 50 metros de longo na muro exterior das instalacións, no que se plasmaron os elementos do patrimonio etnográfico, histórico e artístico do Concello de Rianxo e da parroquia de Asados.

No eido educativo, os aspectos máis importantes deste traballo pasa polo propio formato

multidisciplinar que se propón, no que se combinaron labores usuais de investigación, dentro e fóra das aulas, co emprego de novas



tecnoloxías. Cada un dos tramos do mural leva asociado un código QR que, tras ser lido cun móbil ou tableta, leva a unha páxina con contidos audiovisuais, os traballos de investigación realizados no centro, material de apoio na Rede e, incluso, percorridos dixitais en 360 graos.

O portal dixital do CEIP, recolle un apartado co Proxecto Antón Fraguas (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipanamariadiequez/taxonomy/term/65>) no que se pode consultar o traballo realizado.

O estudo do vocabulario de distintas actividades e coñecementos tradicionais, toponimia, así como as imaxes, audiovisuais e distintos traballos plásticos realizados nas aulas e no obradoiro de patrimonio plasmaron o seu traballo e foron recollidos nas redes virtuais utilizadas ao longo do proxecto. Ao longo do mesmo, realizaron andainas, visitas ao patrimonio local, charlas de especialistas e transmisores do patrimonio inmaterial.

O proxecto *Iconografía sacra e profana no concello de Silleda*, presentado polo

CPR María Inmaculada de Silleda, perseguía favorecer estratexias de investigación e divulgación que permitiran o coñecemento de manifestacións artísticas do concello. Atendendo ás disposicións do xurado do Premio, co fin de cumprir un proxecto tan exhaustivo e ambicioso como o presentado, acadaron a implicación permanente non só da comunidade escolar senón tamén de especialistas nas distintas materias artísticas relacionadas co obxecto do traballo.

A aproximación do alumnado do centro a este patrimonio iconográfico, do seu



significado iconolóxico, e a identificación dos deseños, do vocabulario empregado, das técnicas e empregadas, así como das historias e lendas relacionadas coas distintas imaxes, favorecen non só o seu coñecemento polo estudiantado e a comunidade escolar de referencia, senón que tamén impulsan o interese pola conservación

deste patrimonio.

A documentación e recollida en imaxes do patrimonio existente, e a implicación do alumnado son determinantes á hora de cumprir un dos obxectivos do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas, en canto son testemuña da súa existencia, ao tempo que visibilizan e afondan no noso patrimonio material e inmaterial, contribuíndo á súa transmisión ás xeracións máis novas.

Nos meses de xuño e xullo traballouse na musealización do material elaborado por alumnado e profesorado co fin de deseñar a exposición dos seus resultados nas instalacións do Museo do Pobo Galego, para o que tiveron o apoio de distintos especialistas da Fundación Antonio Fraguas Fraguas e do Museo do Pobo Galego.

Dentro da celebración do Ano Fraguas no Museo do Pobo Galego, procedeuse á exposición dos traballos realizados no Proxecto Didáctico que leva o seu nome, de forma que dende o 22 de outubro procedeuse á instalación física da exposición dos dous proxectos premiados no Claustro Alto do Museo do Pobo Galego, e finalmente o 26 de outubro procedeuse á inauguración da exposición cos traballos premiados no XI Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas coa presenza do estudiantado, profesorado e de representantes das comunidades escolares dos centros premiados, así como representantes dos padroados da Fundación e da Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego.

En primeiro lugar celebrouse un acto no auditorio do Museo no que interviñeron o presidente da Fundación Antonio Fraguas Fraguas, D. Justo Beramendi



González, o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, D. Valentín García Gómez, e D^a. Mercedes Rosón Ferreiro, concelleira responsable de Urbanismo, Vivenda, Cidade


Histórica e Acción Cultural e primeira tenente de alcalde, en representación do Concello de Santiago de Compostela, xunto cun representante por cada un dos centros premiados.

A continuación procedeuse á inauguración e visita á exposición no Claustro Alto do convento de Bonaval, no que o presidente da Fundación Antonio Fraguas



Fraguas cualifica como un dos días máis felices e significativos que se repite cada ano nas instalacións do Museo do Pobo Galego. Ámbolos dous proxectos

coas súas peculiaridades, son mostra do compromiso das respectivas comunidades escolares e das persoas e entidades da contorna arredor do patrimonio cultural e do fomento da lingua galega.



A exposición estivo aberta até o 30 de novembro foi vista por todos os visitantes que se achegaron ao Museo do Pobo Galego.

B) Realización dunha exposición sobre a vida e obra de D. Antonio Fraguas Fraguas.

O martes 14 de maio inaugurouse no Museo do Pobo Galego a exposición conmemorativa sobre a biografía e a obra do personaxe homenaxeado. *Antonio Fraguas Fraguas. Letras Galegas 2019*, co gallo da dedicación a D. Antonio Fraguas do Día das Letras Galegas 2019, organizada pola Fundación Antonio Fraguas Fraguas e o Museo do Pobo Galego institucións depositarias

do seu legado intelectual, que traballan conxuntamente por manter e difundir o labor docente e científico de don Antonio.



Na inauguración participaron o conselleiro de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, D. Román Rodríguez Rodríguez, o presidente da Real Academia Galega, D. Víctor Fernández Freixanes, o concelleiro de Espazos

Cidadáns do Concello de Santiago de Compostela, D. Jorge Duarte Vázquez, un representante da familia, D. José Carlos Martínez Cimadevila, a comisaria da mostra, D^a. María Xosé Fernández Cerviño, e o presidente da Fundación Antonio Fraguas Fraguas, D. Justo Beramendi González.

A exposición consta de dúas seccións, unha de contido biográfico que presenta un itinerario ao longo da vida de Antonio Fraguas, con especial atención á súa traxectoria como galeguista, membro activo das institucións máis destacadas da cultura do país ao longo de oito décadas fecundas e a través de varias xeracións, até constituír unha referencia para a cultura galega que se concreta, ademais de nas súas numerosas publicacións, no traballo a prol do Seminario de Estudos Galegos, o Instituto Padre Sarmiento, a Real Academia Galega e o Consello da Cultura Galega, entre outras institucións.



A outra sección presenta de forma singularizada as diferentes vertentes nas que exerceu o seu traballo intelectual: arqueoloxía, xeografía, historia e arte, etnografía e divulgación.



A exposición estivo aberta até o día 28 de decembro de 2019, data na que, aproveitando a celebración do seu aniversario foi clausurada. O acto contou coa presenza do secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, presidenta do Consello da Cultura Galega, presidente da Real Academia Galega, alcalde de Cerdedo-Cotobade, primeira tenente de alcalde do Concello de Santiago de Compostela e o presidente da Fundación Fraguas e do Padroado do Museo do Pobo Galego. Tamén participaron un grupo de persoas da Asociación do Traxe Galego, quen renderon así homenaxe a quen foi o seu colaborador, e hoxe dá nome ao Premio de Investigación sobre o traxe galego que convocan anualmente. Rematou cun concerto baseado no cantigueiro de Cotobade do grupo *Oradaladou*, e no mesmo participaron persoas da Asociación do Traxe Galego.

C) Actividade Raposadas, organizada polo DEAC arredor da figura de D. Antonio Fraguas Fraguas.

Ao longo do ano 2019, o Departamento de Educación e Acción Cultural do Museo do Pobo Galego vén desenvolvendo un programa especial que

pretende achegar a figura de D. Antonio Fraguas con visitas dinamizadas para estudantes dos diferentes niveis educativos, sen esquecer os grupos de persoas con necesidades especiais.

Co apoio da Fundación Antonio Fraguas Fraguas levouse adiante a actividade “Raposadas co neno Antonio”, un espectáculo de contos de tradición oral con obxectos e monicreques que se representou nos espazos da exposición



permanente do Museo do Pobo Galego da man da narradora Raquel Queizás. Este espectáculo realízase cunha escolla de contos populares de tradición oral que, ademais de mostrarnos as características que definen a cada animal, buscan describir e explicar unha forma de vida fomentando o respecto pola

natureza. Pretenden axudar a coñecer a contorna natural e familiar que nos fai pobo a través da nosa lingua, os nosos contos, as nosas adiviñas, os nosos xogos e as nosas cancións. Estaba dirixido ao alumnado de Infantil de 3 e 4 anos, un grupo especialmente interesante á hora de fomentar o emprego da lingua galega e o coñecemento do noso patrimonio oral, dun xeito lúdico

D) Elaboración do portal dixital da Fundación Antonio Fraguas Fraguas.

A maioría das actividades desenvolvidas acerca da súa figura polas múltiples institucións que participaron neste Ano Fraguas se concentraron nos primeiros meses do ano, sobre todo nos meses de abril e maio, mentres a nosa idea, en colaboración co Museo do Pobo Galego, é continuar coa difusión da figura e

obra de D. Antonio alén deste momento no que a visibilidade é maior. Dentro deste obxectivo xeral, acorde cos nosos fins sociais, acometemos a posta en marcha dun portal dixital que será presentado e posta en marcha cando rematen as celebracións das letras galegas 2019, no 28 de decembro, coincidindo co aniversario de D. Antonio.




A realización, en canto ao seu contido e textos incluídos foi asumida polo secretario da Fundación, D. Francisco Javier Sanjiao Otero, e polo patrón D. Clodio González Pérez.

Está estruturada en distintas páxinas nas que se recollen os seguintes puntos:

- Ano Fraguas. Día das letras galegas 2019.
- Datos de contacto.
- Antonio. Vida e obra.
- Fundación Antonio Fraguas Fraguas.
- Patrocinios.
- Política de privacidade.
- Proxecto didáctico Antonio Fraguas
- Transparencia.

Realizouse unha versión dixital para consultar en computadoras e táboas dixitais, e outra versión para consultar en teléfonos móbiles.



O deseño e desenvolvemento da estrutura da páxina web foi realizada pola empresa de D. Carlos Babío Nogueira, e inclúe xunto con textos e imaxes, a posibilidade de acceder a entrevistas gravadas con D. Antonio Fraguas Fraguas en distintos soportes, así como os enlaces a traballos e actividades realizadas dende institucións públicas e privadas, con especial atención a aqueles que foron impulsadas dende centros de ensino, co gallo do Día das Letras Galegas.

E) Participación en actos relacionados coa figura de D. Antonio Fraguas Fraguas.

O traballo realizado pola Fundación e as persoas que integran o seu Padroado, ao longo dun ano no que se dedica o Día das Letras Galegas á figura de D. Antonio Fraguas Fraguas, atende sobre todo á defensa, conservación, promoción e divulgación do seu legado material e intelectual a través do apoio

ao funcionamento do Museo do Pobo Galego, tal e como recolle o artigo 6 dos nosos Estatutos.

Temos que destacar o traballo realizado conxuntamente pola Fundación e o Museo do Pobo Galego, dunha parte programando actividades e doutra colaborando na medida do posible con moitas outras entidades que contribuíron ao recoñecemento da súa figura e de moitos aspectos, ás veces pouco coñecidos, do traballo que desenvolveu a prol de Galicia ao longo da súa vida.

Alén do esforzo do Concello de Cerdedo-Cotobade, Concello de Santiago de Compostela e Xunta de Galicia, membros institucionais do noso Padroado, e dos membros individuais do noso Padroado, con especial mención á familia de D. Antonio Fraguas quen participaron en tanta actividade se lles solicitou, temos que citar, sen ánimo exhaustivo ás moitas institucións públicas e privadas dos campos da comunicación, ensino, asociacionismo ou cultura, que este ano contribuíron a tal obxectivo.

Debemos destacar a colaboración da Asociación Cultural Irmáns Picallo, Asociación Lugo Patrimonio, Asociación Raigame, Colexio de Carballedo, Colexio de Dices – Rois, Colexio de Tenorio, Concello de Lugo, Consello da Cultura Galega, Departamento de Cultura Galega da USC, El Correo Gallego, El Progreso, Faro de Vigo, Fundación Ecomuseo de Arxeriz, Fundación Eugenio Granell, Fundación Otero Pedrayo, Fundación Ramón Piñeiro, GADISA, Instituto A Xunqueira, Instituto Antonio Fraguas de Fontiñas, Instituto de Cotobade, Instituto Lucus Augusti, Instituto Rosalía de Castro, La Región, La Voz de Galicia, Praza Pública, Radio Galega, Radio Galicia – Ser, Serms Galicia, Televisión de Galicia, Televisión Española e Vegalsa-Eroski. Tamén agradecemos a colaboración prestada polo persoal e membros do Padroado do Museo do Pobo Galego ou integrantes doutras institucións, que nos permitiron redobrar os esforzos asumidos dende a Fundación, entre eles D.

Francisco Calo Lourido, D. Carlos Sierra Domínguez, D. Adolfo de Abel Vilela, D. Xulio Xiz, D. Manuel Regueiro, D. Felipe Arias, D^a. Rosa Méndez D^a. María Xosé Fernández Cerviño, a ás persoas integrantes da Oficina de Socios e Socias do Museo do Pobo Galego que dedicaron a D. Antonio Fraguas a exposición Entre Amigos, un itinerario polas terras do Concello de Cerdedo-Cotobade, e colaboraron co DEAC en visitas guiadas para o público escolar no Museo do Pobo Galego e nas xornadas de portas abertas celebradas no Día das Letras.

Dende o Museo do Pobo Galego, coa participación de todo o persoal dos distintos servizos e as persoas colaboradoras, e a Fundación Fraguas, asumimos a organización de distintas actividades, nalgúns casos en colaboración con outras entidades.

O acto de inauguración do Ano Fraguas na casa natal de D. Antonio en Loureiro-Cotobade, a Exposición Entre Amigos, a Xornada Internacional de Museoloxía, a presentación do vídeo sobre D. Antonio Fraguas, Día Internacional dos Museos, Exposición Antón Fraguas Fraguas. Letras Galegas 2019, Exposición itinerante Antonio Fraguas, Memoria dun soño, Exposición Galicia Máxica: Romarías e santuarios. Gustav Henningsen, Fotografías (1965-1968).

Entre as actividades doutras institucións nas que estivo presente a Fundación Fraguas están a VI Carreira Camiño das Letras. Cidade da Cultura, as Xornadas das Letras Galegas organizadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a Homenaxe do Concello de Vilalba, a entrega dos premios do Concurso Escolar para deseñar os carteis da Exposición Letras Galegas outorgado pola Xunta de Galicia, a presentación de distintos libros sobre a obra e figura de D. Antonio Fraguas, o Festival Arte pola Igualdade nas Letras Galegas celebrado no Teatro Colón da Coruña, o acto da sinatura da Sociedade da Lingua realizado no IES de Tenorio en Cerdedo-Cotobade, a

homenaxe da Asociación de Gaiteiros Galego realizado en Viascón, nos actos institucionais da Real Academia Galega, da Biblioteca do Concello das Pontes de García Rodríguez, da Biblioteca de Verín, e no Maratón de Lectura de Textos organizado pola Fundación Granell.

Aínda que o groso da programación desenvolveuse até o 17 de maio, Día das Letras Galegas, as actividades continuaron despois por toda Galicia. Salientamos entre elas a inauguración o 24 de maio no Instituto Rosalía de Castro de Santiago, con asistencia do presidente do Padroado, unha exposición sobre D. Antonio Fraguas feita por un equipo de antigos alumnos de Lugo dirixido por D. Xulio Xiz. Esta mostra percorreu despois varios lugares de Galicia e volveu a Santiago, ao Instituto Padre Sarmiento, momento no que os organizadores doaron ao Museo un retrato de D. Antonio, obra do artista Manuel Romero.

O 8 de setembro presentouse na Casa do Pobo de Loureiro (Cotobade) o Caderno Ramón Piñeiro dedicado a Antonio Fraguas. Interviñeron D. Manuel González, D. Luis Cochón, D. Daniel Pino e o presidente do Padroado. Esta mesma obra foi obxecto doutra presentación, máis institucional, o 3 de decembro no auditorio do Museo nun acto no que falaram o Secretario Xeral de Política Lingüística, o alcalde de Cotobade, o coordinador da obra D. Luis Cochón, a presidenta do Consello da Cultura Galega e os presidentes da Real Academia Galega e do Padroado do MPG.

O 30 de outubro o Alcalde, a Xerente do Consorcio, o seu responsable de publicacións, o editor da obra e o presidente do Padroado presentaron no Museo un libro editado polo Consorcio de Santiago con varios traballos de Fraguas.

O 5 de novembro representantes do Padroado e da Asociación do Traxe Galego, xunto con D. Anxo Lorenzo e o presidente da Real Academia Galega

fixeron no cemiterio de Boisaca unha ofrenda a Fraguas no XX cabodano da súa morte.

O 15 de novembro a Asociación Rocha Forte inaugurou na súa sede unha exposición sobre Fraguas, comisariada polo patrón do Museo do Pobo Galego D. Xosé Ramón Fandiño.

Entre o 26 e o 28 de novembro celebrouse o Simposio sobre arqueoloxía, xeografía e etnografía en homenaxe a Fraguas, coorganizado pola RAG, o MPG e o CCG. A primeira sesión foi na sede da RAG e as outras dúas no Museo.

O pasado 14 de decembro realizouse un acto no Concello de Cerdedo-Cotobade para pechar as actividades do ano Fraguas no seu concello natal, se ben a coincidencia deste acto coa Asemblea do Padroado do Museo do Pobo Galego fixeron imposible a asistencia dunha representación institucional da nosa Fundación no mesmo, como se lle comunicou ao alcalde e membro deste Padroado.

Como xa indicamos, coincidindo co CXIV aniversario do nacemento de Fraguas o Museo pechouse o ano cun acto de clausura da mostra que sobre a vida e obra de D. Antonio Fraguas Fraguas que estivo no Museo do Pobo Galego.

F) Publicacións realizadas e xestión de dereitos de autor.

Grazas ás xestións relativas aos dereitos de autor de D. Antonio Fraguas Fraguas, e como figura no protocolo nº 2358, do 14 de novembro de 2018, asinado na notaría de D^a Inmaculada Espiñeira Soto, entre a Fundación e as persoas herdeiras de D. Antonio, D^a María Lourdes Luísa Martínez Cimadevila, D. Juan Carlos Morquecho Barral, e D^a María del Carmen Morquecho Barral, a

Fundación recibeu a doazón pura e simple da participación que lle corresponde nos dereitos de autor por parte de D^a. María Lourdes Luísa Martínez Cimadevila, mentres os outros dous herdeiros fan doazón pura e simple á Fundación da participación que lles corresponde nos dereitos de autor de D. Antonio Fraguas Fraguas, con excepción expresa dos dereitos económicos derivados da explotación da obra.

Con tal título, a Fundación ten a titularidade dos dereitos de autor no referido á defensa da integridade da súa obra, e ten a capacidade para negociar calquera contrato de explotación ou difusión da mesma, e no rendemento económico correspóndelle o 50 % das cantidades percibidas.

Con vistas aos distintos proxectos editoriais que puidesen recibir, fixaron o criterio de que as edicións realizadas de forma venal por empresas terán que aboar os dereitos pertinentes, mentres que os proxectos levados a diante por entidades non lucrativas, en especial os realizados con carácter non venal, poderían estar exentos do pago de dereitos en metálico, se ben terían que achegar un número de exemplares á Fundación que despois foron entregados á biblioteca do Museo do Pobo Galego, así como aos familiares de D. Antonio, e á biblioteca municipal do Concello de Cerdedo-Cotobade.

Habilitouse ao secretario da Fundación, para negociar os asuntos referentes aos dereitos de autor da obra de D. Antonio Fraguas Fraguas e redactar os contratos de cesión pertinentes e que son asinados polo presidente.

Estiveron exentas de pago as obras editadas pola Universidade de Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega e Fundación Ecomuseo de Arxeriz. Tamén se realizaron sen contraprestación a autorización as empresas GADIS, Eroski e Mombus, que arredor do día de maio reproduciron textos de D. Antonio Fraguas en carteleiría, bolsas e outros soportes non destinados á venda.

Os contratos asinados para edicións de obras de D. Antonio con carácter venal coa editorial Galaxia, que unha vez feita a liquidación correspondente darán lugar a cobro dos dereitos de autor fixados, foron para a reedición do *Cantigueiro de Cotobade, Romarías e santuarios*, distintos artigos de temática compostelá recollidos no libro *Notas Compostelás*, e outros artigos recollidos no libro *Do tempo e dos astros*.

Foi editado un volume por Teófilo Edicións co título *Antonio Fraguas. As cousas de Antonio de Insuela. Escolma de artigos xornalísticos*, sen que antes da edición se puxeran en contacto connosco para negociar os dereitos de edición, nin sequera figura na edición o recoñecemento dos dereitos de autor da obra reeditada. Para defender os nosos dereitos así como realizar a xestión que temos asumida dos seus dereitos remitimos un escrito o 25 de abril de 2019, por correo certificado no que, dado que a obra publicada incumpre o previsto na normativa vixente sobre dereito de propiedade intelectual, solicitámoslle regularizar a situación, ou no seu caso. Despois dun proceso non sempre grato, estamos agora no trámite final para proceder á sinatura do contrato de cesión das obras e cobraremos a porcentaxe de dereitos de autor correspondente.

Tamén se asinaron contratos de cesión de imaxes que se utilizaron en distintos libros editados acerca da vida e obra de D. Antonio Fraguas.

A editorial galaxia fracasou nas súas xestións para editar o libro de artigos de D. Antonio sobre Cotobade e terra de Montes. Agardamos retomar os traballos dende a Fundación o vindeiro ano, así como mandar dende o padroado da Fundación un escrito manifestando o noso desgusto polo feito de que a Editorial Galaxia non fixese todo o necesario para a publicación do libro de D. Antonio Fraguas Fraguas, *Escritos etnográficos de Cotobade*, libro no que estiveron a traballar durante varios anos os nosos patróns D. Clodio González

Pérez e D. Xosé Manuel González Reboredo. Esta publicación que non puido saír neste ano tan importante, no que se lle homenaxeaba a D. Antonio no día das Letras Galegas, recolle unha investigación que entronca cos traballos do territorio aos que dedicaron os seus esforzos dende o Seminario de Estudos Galegos, e que a Fundación ten coñecemento que era un traballo moi querido por D. Antonio Fraguas. A Fundación vai facer todo o posible para que esta obra sexa publicada mesmo pasado o ano fraguas, polo que lle solicitamos nos reenvíe a documentación sobre o libro que teñen no seu poder.

En proceso de edición está o libro *Crenzas encol dos animais*, un texto manuscrito inédito. Chegamos a un acordo co ilustrador Kiko da Silva quen está a traballar nas ilustracións e na maquetación, a quen agradecemos a súa colaboración e dispoñibilidade a rebaixar o orzamento á cantidade da que nos podíamos dispoñer. Agardamos dispoñer do mesmo e poder presentalo cara o mes de setembro.

A necesidade de buscar, catalogar, e clasificar a obra dispersa de D. Antonio Fraguas Fraguas, co fin de ter o material preparado para proceder á súa publicación no futuro, foi abordado en colaboración coa Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego, quen contratou unha técnica para levar a cabo esta tarefa. O seu traballo realizouse nos meses de outubro e novembro na biblioteca do Museo do Pobo Galego utilizando o seu arquivo persoal.

G) Aspectos relacionados coa xestión da Fundación.

En función do establecido no artigo 17 dos nosos estatutos “O órgano de goberno poderá delegar as súas facultades nun ou máis dun dos seus membros e nomear apoderados xerais ou especiais con funcións e responsabilidades mancomunadas ou solidarias”, propoñemos delegar no actual tesoureiro da Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego e

membro deste Padroado, D. Lino Lema Bouzas as labores de xestión económica da Fundación, dentro dos límites impostos polo mesmo artigo.

Esta autorización leva aparellada a habilitación das sinaturas de Presidente, Vicepresidenta e do encargado da xestión económica para poder dispoñer de forma indistinta nas contas bancarias, incluíndo a conta electrónica nas que a Fundación figure como titular.

Estamos tamén no proceso para obter o certificado dixital da Fundación en favor do presidente, á vicepresidenta e secretario da Fundación.

En Santiago de Compostela, a 2 de xullo de 2020

A handwritten signature in black ink, consisting of several loops and a long horizontal stroke extending to the right.

Justo Beramendi González
Presidente da Fundación Antonio Fraguas Fraguas

COMPOSICIÓN DO PADROADO DA FUNDACIÓN

Presidente de Honra: Sr. Presidente da Xunta de Galicia

Presidente: Justo Beramendi González

Vicepresidente primeiro: en representación do Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, D. Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística

Vicepresidente segundo: en representación do Sr. Alcalde do concello de Santiago de Compostela, D^a. Mercedes Rosón Ferreiro, concelleira responsable de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural e primeira tenente de alcalde

Vicepresidente terceiro: D^a. Concepción Losada Vázquez

Vogais: D. Francisco Fariña Busto

D^a Encarna Otero Ceped,

D. Xosé Antonio Gómez Segade

D. Manuel Vilar Álvarez

D. Xosé Manuel González Reboredo

D. Clodio González Pérez

D. Xerardo Estévez Fernández

D^a. Carolina Martínez Paz, en representación da familia

D. Jorge Cubela López, Sr. alcalde do concello de Cerdedo-

Cotobade

D. Lino Lema Bouzas

Secretario: D. Francisco Javier Sanjiao Otero